

ACTIVIDADE TRATAMENTO:

2. XESTIÓN DE INSTRUMENTOS DE COLABORACIÓN (CONVENIOS, PROTOCOLOS)

RESPONSABLE

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Dirección postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición de este de medidas precontractuais (art. 6.1.b do RXPDP).

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c. do RXPDP).

O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPD).

FINS

Xestión de instrumentos de colaboración, consistentes na tramitación de convenios, protocolos e ou acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

As persoas e ou entidades que asinan os convenios, protocolos e ou acordos de colaboración nos que participa o Parlamento de Galicia, sen obrigas económicas para este.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, dirección, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico. Sector de actividade e entidade á que representan.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal das persoas asinantes de convenios poderán ser publicados, do xeito legalmente previsto, nos boletíns e/ou diarios oficiais, portal de transparencia.

Nas circunstancias que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancaria na que dispón conta o interesado e, se é o caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos persoais das persoas que asine en representación das entidades que subscriban estes instrumentos de colaboración co Parlamento de Galicia manteranse no sistema de modo indefinido. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguranza.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme ao disposto na normativa interna de aplicación: “Política de Seguridade da Información do Parlamento.